



Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023

**Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023)
e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)**



REAL ACADEMIA GALEGA



Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023

**Análise da enquisa sobre coñecemento e uso
do idioma galego (2023) e da evolución
sociolingüística de Galicia (1992-2023)**

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega

Henrique Monteagudo

ORCID: 0000-0002-0682-4524

Xaquín Loredó

ORCID: 0000-0001-8043-5159

Gabino S. Vázquez-Grandío

ORCID: 0000-0002-7908-2445

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2024

ISBN:

978-84-17807-43-6

DOI:

<https://doi.org/10.32766/rag.445>



REAL ACADEMIA GALEGA

Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

**Informe sobre a situación
da lingua galega segundo os datos
do Instituto Galego de Estatística de 2023**

**Análise da enquisa sobre coñecemento e uso
do idioma galego (2023) e da evolución
sociolingüística de Galicia (1992-2023)**



REAL ACADEMIA GALEGA

1. Introducción

A política e a planificación lingüísticas adoitan entenderse como un ciclo de actividades coas seguintes etapas:

- a) definición e diagnose dunha situación que se formula como un problema que precisa solución;
- b) elaboración e aplicación das actuacións políticas destinadas a resolvelo;
- c) avaliación destas actuacións, para detectar os seus acertos e as súas deficiencias, e así reiniciar o ciclo.

Tanto para establecer o diagnóstico coma para avaliar a eficiencia das políticas lingüísticas é imprescindible coñecer a situación sociolingüística no presente, as dinámicas que se desenvolveron ao longo do tempo e as que previsiblemente se desenvolverán no futuro. Sen un acaído coñecemento da realidade, dificilmente se poderán realizar diagnósticos nin avaliacións acertados, e sen estes as políticas lingüísticas arríscanse a ser inadecuadas ou deficientes.

O informe que presentamos aborda a análise da vitalidade do idioma galego a partir dos datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE 2023) e ofrécese como un instrumento necesario para realizar o diagnóstico da situación social do galego e avaliar as políticas lingüísticas postas en práctica en Galicia nas últimas décadas. En primeiro lugar, está dirixido á Real Academia Galega, que ten unha obriga estatutaria de estudo e defensa do idioma galego, pero a súa mira está posta en xeral na sociedade galega e dun xeito particular nas institucións con maior responsabilidade sobre o idioma, comezando polo Goberno galego.

A considerable cantidade de traballos sobre esta temática xunto co elevado número de artigos xornalísticos publicados ao fío dos últimos datos dados a coñecer polo Instituto Galego de Estatística, recollidos en 2023, indican a sensibilidade social cara a esta temática tanto no ámbito da investigación coma na opinión pública, así como a diversidade de enfoques á hora de abordar este tema. O informe que se presenta adianta un estudo máis a fondo que se publicará nos próximos meses, e pretende ofrecer unha panorámica dos datos máis salientables e unha análise sobre os aspectos máis relevantes.

2. Obxectivos

Este informe ten como obxectivo realizar unha análise dos datos da enquisa sobre coñecemento e uso do galego feita polo Instituto Galego de Estatística en 2023 (de agora en diante, IGE 2023). Nas análises destes datos incluíranse os recollidos polo mesmo instituto desde o 2003, dando conta así da evolución das principais variables sociolingüísticas en Galicia nos últimos anos. Complementariamente, teranse en conta outras fontes, como as fornecidas polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Deste xeito, ofrecerase unha radiografía da evolución do galego ao longo das últimas décadas a partir de fontes fiables, válidas e comparables.

Desde 1999 o Instituto Galego de Estatística vén realizando unha estatística anual que inicialmente denominou “Enquisa de condicións de vida das familias” (ECV) e posteriormente “Enquisa estrutural a fogares” (EEF). Trátase dunha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas, que consta de dous módulos: un módulo xeral, que se repite todos os anos e recolle información de tipo socioeconómico, e un módulo específico, de carácter temático. Cada cinco anos, desde 2003, este segundo bloque ten como obxecto a recolla de datos sobre o “Coñecemento e uso do galego”. Referirémonos a estas enquisas como IGE 2003, IGE 2008, IGE 2013, IGE 2018 e IGE 2023.

O precedente máis relevante da enquisa do IGE é o Mapa Sociolingüístico de Galicia realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega en 1992 (MSG 1992). Este é o estudo sociolingüístico de maior dimensión realizado en Galicia, tanto polo tamaño da mostra (38.897 persoas) coma pola extensión do cuestionario (148 ítems). Após este estudo, o Seminario da Academia realizou o Mapa Sociolingüístico de Galicia de 2004 (González *et al.* 2007, 2008 e 2011) que presentaba unha modificación no deseño da mostra entrevistando soamente persoas de 14 a 54 anos por ser considerada a poboación obxecto de maior interese para os fins da planificación lingüística.

Por tanto, este informe dá continuación ao labor realizado polo propio Seminario de Sociolingüística da RAG, nunha liña que comeza nos Mapas Sociolingüísticos de Galicia de 1992 e 2004, e que continúa nas análises dos datos do IGE 2003 ao IGE

2013 (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016 e 2018; López-Sández, Loredó e Vázquez-Grandío 2021). Empata tamén co traballo emprendido polo Consello da Cultura Galega, a través da súa Sección de Lingua e do Observatorio da Cultura Galega, que cristalizou en estudos como *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (2005), e *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008* (2011), onde se estuda a evolución demolingüística de Galicia utilizando como punto de partida os datos do MSG 1992 e os dos “Módulos de coñecemento e uso do galego” do IGE 2003 e do IGE 2008.

Os responsables da redacción deste traballo participaron, nalgúns casos de forma determinante, na elaboración de varios dos traballos citados anteriormente. Por parte, na elaboración da enquisa *Coñecemento e uso do galego*, o IGE contou co seu asesoramento e colaboración.


No seu momento, púxose especial énfase en que o cuestionario desta enquisa fose comparable, dentro do posible, co do Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1992. Así, os datos do MSG 1992, unidos aos dos IGE 2003 a IGE 2023, serven para construír algunhas das series temporais que presentaremos no corpo deste traballo. A principal diferenza entre os datos do IGE e os do MSG radica na construción dos tramos de idade. Mentres que a mostra do IGE abrangue entrevistados de 5 anos en diante, a mostra do MSG 1992 abarca entrevistados de 16 anos e máis. Por esta razón, cando se presentan series a partir de 1992, das enquisas do IGE só se terán en conta os datos referidos aos individuos maiores de 15 anos. Neste informe, referirémonos en primeiro lugar á poboación en xeral ou, nalgúns casos, maior de 15 anos, e posteriormente poremos o foco no grupo máis novo, de 5 a 14 anos, pola súa especial relevancia para o futuro da lingua.

Outra diferenza importante de procedemento entre o MSG e a serie do IGE é que no primeiro caso a unidade da mostra é o individuo (as persoas enquisadas ofrecen información sobre si mesmas), mentres que no segundo caso é a familia (unha persoa ofrece información sobre todos os membros da unidade doméstica). O procedemento de enquisa adoptado polo IGE obriga a tomar con cautela algunhas informacións, como as referidas á lingua inicial: obviamente, a persoa que responde sabe con razoable certeza cal é a súa propia lingua inicial e, no seu caso, a dos seus descendentes, mais esta certeza pode ser menor no caso doutros membros da familia, como o cónxuxe. Por outra banda, a posibilidade de responder a esta pregunta cunha opción intermedia entre o galego e o castelán (*as dúas*) torna especialmente comprometida a análise dos resultados desta variable. De todos os xeitos, cando os datos se contemplan en serie, a súa congruencia e a consistencia das tendencias garante a súa fiabilidade.

Finalmente, complementamos a análise dos datos sociolingüísticos cunhas observacións sobre o factor demográfico e sobre o sistema educativo. As primeiras xustificanse na importancia das migracións na evolución do uso do galego no período contemporáneo: ata tempos moi recentes, o fenómeno máis relevante foi a emigración masiva, sobre todo de galegofalantes, mais, desde os inicios do século, cómpre tamén ter en conta a inmigración. Canto ao sistema educativo, pareceunos oportuno recoller as conclusións máis destacadas de varias investigacións levadas a cabo no seo do Seminario de Sociolingüística da Real Academia, dada a relevancia que teñen as políticas lingüísticas neste ámbito.

3. Competencia lingüística

Figura 1. Capacidade para falar e escribir (*moito e bastante*) da poboación de 15 ou máis anos. 1992-2023 (%).



Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.


Na **figura 1** recóllense os datos sobre a evolución das **competencias lingüísticas produtivas (falar e escribir)** da poboación de 15 ou máis anos, na serie de 1992 a 2023.¹ Trátanse de competencias declaradas ou autopercibidas, non observadas ou avaliadas e, para simplificar, nas preguntas sobre “saber falar” e “saber escribir” súmanse

1 De cara aos obxectivos deste traballo, consideramos as competencias produtivas máis significativas ca as receptivas (entender e ler). Téñase en conta tamén que o MSG abrangue a poboación de 15 ou máis anos, polo que tivemos que axustar os datos do IGE subtraendo os do segmento de 5 a 14 anos.

as respostas *moito* e *bastante*. Como se ve na figura, máis do 80% da poboación maior de 15 anos residente en Galicia considérase competente para falar o galego, e a variación na porcentaxe ao longo dos anos é escasamente relevante ata o IGE 2023, en que se aprecia unha baixa de máis do 3,5% na capacidade para falar.

Canto a escribir en galego, aínda nos finais do século pasado a porcentaxe de persoas que se declaraban competentes non atinxía un terzo da poboación. Á altura de 2018, a porcentaxe xeral aproximábase aos dous terzos, e o terzo restante corresponde maioritariamente a persoas maiores, que non tiveron a oportunidade de aprender a escribir en galego no sistema educativo (o analfabetismo en galego acadada case o 60% na poboación maior de 50 anos). Non obstante, en 2023 rexístrase por primeira vez un cambio de tendencia: fronte ao progresivo ascenso de décadas anteriores, nesta última data produciuse un descenso.

Figura 2. Capacidade para falar (*moito* e *pouco*) da poboación de 15 ou máis anos. 1992-2023 (%).




Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

Na **figura 2** ponse o foco na **competencia oral** (capacidade para falar), sobre a que se seleccionan as respostas *moito* (autopercepción dunha competencia elevada para falar galego) e *pouco* ou *nada* (autopercepción dunha competencia escasa ou nula). É de notar o ascenso da primeira resposta entre 1992 e 2003 (do 40,1 % ao 68,93 %), e o descenso a partir desta data, ata os pobres resultados obtidos en 2023 (descenso nun 15,45 % en vinte anos das persoas que se declaran capaces de falar en galego). Inversamente, as porcentaxes da declaración de competencia escasa, que caeran entre 1992 e 2003, incrementáanse a partir desta última data ata 2023 (+ 5,44 %).

4. Lingua inicial


Figura 3. Lingua inicial (L1) en Galicia da poboación de 5 ou máis anos. 2023 (%).



Fonte: IGE 2023. *Enquisa estrutural a fogares*. Módulo de coñecemento e uso do galego.

Por lingua inicial enténdese aquela en que se aprendeu a falar. Respecto da lingua en que aprenden falar os galegos e galegas, segundo as cifras recollidas en 2023, na **figura 3** obsérvase que cada unha das alternativas que se ofrecen (*galego*, *castelán* ou *as dúas*) é escollida por arredor dun terzo total da poboación (figura 5).

Figura 4. Lingua inicial da poboación de 15 ou máis anos. 1992-2023 (%).




Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

Na **figura 4** móstrase a evolución da **lingua inicial** da poboación de 15 ou máis anos desde 1992 a 2023. As opcións de resposta a esta cuestión son catro: *galego*, *castelán*, *as dúas* e *outras situacións* (inclúe outras linguas). Esta última opción mantense en porcentaxes moi reducidas, pero é de notar que se multiplicou case por seis desde os inicios da última década do século pasado ata os da segunda década do presente século, o que responde ao peso da poboación inmigrante que non aprendeu a falar castelán (procedente de África, Europa oriental e outros lugares).

A figura testemuña a caída de 20 puntos porcentuais do galego como lingua inicial exclusiva desde 1992 a 2013, seguida dunha leve inflexión positiva ata 2018 (+1,5 %) e unha brusca caída no último tramo (+8 %). Por outra banda, o castelán vén experimentando un crecemento moderado como lingua inicial exclusiva (do 25,6% de 1992 ao 32% de 2018). Isto quere dicir que a caída do galego como lingua inicial exclusiva engrosou sobre todo o bilingüismo inicial, pois as porcentaxes deste incrementáronse notablemente, ata máis ca duplicarse, desde 1992 ata 2008, abrangendo case a cuarta parte da poboación en 2013 e achegándose ao 30% no 2023.


Figura 5. Lingua inicial da poboación de 5 ou máis anos. 2003-2023 (frecuencias).



Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

Na **figura 5** preséntanse en cifras absolutas os datos do IGE para a poboación de 5 ou máis anos. Retrotraéndonos a principios de século, obsérvase que en 2003 máis da metade dos galegos e galegas sinalaban o idioma galego como a súa L1. Por tanto, en vinte anos produciuse un retroceso de vinte puntos, ou, se o queremos ver doutra forma, unha diminución de case 470.000 persoas galegofalantes iniciais. Para expresalo graficamente, esta cifra representa case o dobre da poboación censada na cidade da Coruña en 2023 (247.350 persoas).

Figura 6. Frecuencias de lingua inicial (L1) en Galicia da poboación de 5 ou máis anos. 2023.




Fonte: IGE 2023. *Enquisa estrutural a fogares*. Módulo de coñecemento e uso do galego.

Na **figura 6** pode observarse a evolución da L1 cos datos do IGE 2023 atendendo á idade. Constátase aí unha evolución inversa do galego e o castelán: a menor idade, máis castelanfalantes, e canta máis idade, máis galegofalantes. Obsérvase tamén que o grupo chave onde se verifica a inversión é o das persoas nadas entre 1965 e 1981. Destaca ademais o importante aumento de bilingües iniciais (galego / castelán).

5. Lingua habitual


Figura 7. Lingua habitual da poboación galega de 5 ou máis anos. 2023 (%).



Fonte: IGE 2023. *Enquisa estrutural a fogares*. Módulo de coñecemento e uso do galego.

Por lingua habitual enténdese a que se fala correntemente na vida diaria. As **figuras 7 e 8** presentan os resultados de **lingua habitual** do IGE 2023 en porcentaxes e en números absolutos. Segundo estes datos, como xa se ten comentado en moitos artigos xornalísticos, por primeira vez nunha enquisa sociolingüística cunha mostra representativa para toda Galicia, o idioma castelán pasa a ser a lingua maioritaria. A porcentaxe de castelanfalantes habituais en Galicia aumenta ata o 52,94%.

Figura 8. Lingua habitual da poboación galega de 5 ou máis anos. 2023 (frecuencias).




Fonte: IGE 2023. *Enquisa estrutural a fogares*. Módulo de coñecemento e uso do galego.

Na **figura 9** preséntanse os datos referidos á evolución da **lingua habitual** da poboación de 15 ou máis anos desde 1992 a 2023, excluindo as respostas *outras situacións*. Para simplificar, nas porcentaxes expresadas na figura súmanse as respostas correspondentes dunha banda a *sempre galego* e *máis en galego ca castelán* e, da outra, a *sempre en castelán* e *máis en castelán ca galego*.

Ata 2003 obsérvase un descenso do galego (5% aproximadamente) e un correlativo incremento do castelán. De 2003 a 2013, o descenso do galego é máis brusco (case o 10%), e a tendencia á baixa continúa, levemente atenuada, ata 2023 (-5,6%). Á vista das cifras, á altura de 2023 e por primeira vez na historia, o galego pasaba a ser unha lingua de uso minoritario na propia Galicia. En cifras absolutas —nese ano había máis de 1.170.000 falantes habituais de galego residentes en Galicia—, e tendo en conta tamén os falantes ocasionais, a cifra situábase preto de 1.800.000 falantes (véxanse as figuras 7 e 8).

Figura 9. Lingua habitual. (*galego + máis galego / castelán + máis castelán*) da poboación de 15 ou máis anos. 1992-2023. (%).




Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

Na **figura 10** ofrécense os datos, en cifras absolutas (redondeadas e que deben multiplicarse por mil), referidos á evolución da **lingua habitual** da poboación de 5 ou máis anos desde 2003 a 2023. Inclúense as respostas *outras situacións*, que presentan unhas cifras baixas pero en aumento. Para simplificar, nas cifras que se expresan na figura súmanse as respostas correspondentes dunha banda a *sempre galego e máis en galego ca en castelán* e, da outra, a *sempre en castelán e máis en castelán ca en galego*.

Obsérvase un descenso constante do número de falantes de galego, cunha lixeira inflexión en 2018, e un correlativo incremento de falantes do castelán. De 2003 a 2013 o galego perdeu arredor de 280.000 falantes en cifras redondas; na década seguinte perdeu por volta de 125.000 falantes; o total suma 405.000 falantes habituais menos en vinte anos. Como dixemos, á altura de 2023 e por primeira vez na historia, o galego ten un menor número de falantes residentes na propia Galicia ca o castelán (case 200.000 falantes menos). En cifras absolutas, nese ano había 1.368.419 castelanfalantes, fronte a 1.176.456 galegofalantes.

Figura 10. Lingua habitual (*galego + máis galego / castelán + máis castelán*)
da poboación de 5 ou máis anos. 2003-2023 (x 1.000).




Fonte: MSG 92; IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

6. A poboación máis nova

Neste apartado centraremos a atención no segmento de poboación de idade comprendida entre 5 e 14 anos, sobre o que as enquisas do IGE recollen información desde o 2003. A lingua inicial e as prácticas lingüísticas deste sector da poboación resultan especialmente importantes para avaliar a vitalidade dun idioma.

Figura 11. Capacidade para falar galego da poboación de 5 a 14 anos. 2003-2023 (%).




Fonte: IGE 2003, 2013 e 2023.

Na **figura 11** represéntase a evolución da **capacidade para falar** dos segmentos de poboación máis nova, segundo os datos do IGE 2003, 2013 e 2023. Nesta figura apréciase que a partir de 2003 diminúe a porcentaxe de persoas que saben falar *moito*, nun 13,28 % no primeiro tramo (2003-2013) e nun 8,88 % no segundo, o que acumula unha baixa de 22,16 % en vinte anos.

Na mesma figura chama poderosamente a atención o incremento das respostas *pouco* ou *nada*: case un 5 % entre 2003 e 2013 e máis dun 6 % entre este último ano e 2023, o que significa que a porcentaxe de incompetencia para falar galego máis que se duplicou nos vinte anos que van desde 2003 a 2023 (do 10,74 % ao 22,01 %). Aínda que esta evolución negativa se poida achacar en parte á incorporación ao sistema educativo de fillos/as de poboación chegada de fóra de Galicia, testemuña a incapacidade do sistema educativo para fornecer os estudantes máis novos de competencias axeitadas en lingua galega.

Figura 12. Capacidade de escribir en galego (*moito / pouco + nada*) da poboación de 5 a 14 anos. 2003- 2023 (%).




Fonte: IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

Na figura 12 preséntanse os datos sobre a evolución da **capacidade para escribir** (*moito / pouco + nada*) do segmento de poboación máis nova, de 5 a 14 anos, desde 2003 a 2023.¹ Para maior clareza, non se inclúen os datos da resposta *bastante*.

1 Non hai datos anteriores para este segmento de poboación.

Na figura apréciase o incremento entre 2003 e 2013 da porcentaxe de poboación que non sabe escribir en galego (+5,66%), un aumento que adquire unha proporción extraordinaria nos dez anos seguintes (+11,38%) e que é correlativo co rápido descenso da porcentaxe da resposta *moito*, a cal se ve reducida a menos da metade no período de vinte anos (-22,35%) nunha tendencia descendente regular: nótase a perda de -11,40% entre 2003 e 2013, e -10,95% entre esta última data e 2023.

Figura 13. Lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos. 2003-2023 (%).




Fonte: IGE 2003, 2013 e 2023.

Na figura 13 represéntase a evolución da lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos, segundo os datos do IGE correspondentes a 2003, 2013 e 2023. Nótase a caída do monolingüismo inicial en galego e o ascenso tanto do monolingüismo inicial en castelán coma do bilingüismo. Ora, como se verá máis adiante (figuras 22 e 23), os bilingües iniciais tenden cada vez máis cara ao castelán nas súas prácticas lingüísticas.

A lingua inicial resulta especialmente importante cando se considera a vitalidade dun idioma, pois reflicte o grao de transmisión interxeracional deste no seo da familia e dá unha indicación significativa sobre as tendencias de futuro. Máis adiante tratarase este asunto.

Figura 14. Lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos. 2003-2023 (x 1.000).




Fonte: IGE 2003, 2013 e 2023.

Na **figura 14** ofrécese os datos, en cifras absolutas (deben multiplicarse por mil), referidos á evolución da lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos desde 2003 a 2023.

Obsérvase un descenso constante do número de monolingües iniciais en galego e un correlativo incremento de falantes iniciais en castelán. De 2003 a 2023 a cifra de falantes iniciais en galego reduciuse en case dous terzos, ata un número de só 23.397, que é pouco máis do duplo de falantes iniciais de linguas estranxeiras nese grupo de idade (10.386). O número de bilingües iniciais en galego e castelán incrementouse de 2003 a 2008 e mantívose practicamente estancado a partir deste ano entre os 65.000 e os 70.000 falantes. En conxunto, a poboación desa idade residente en Galicia mantívose (216.080 en 2003; 218.286 vinte anos despois) cunha lixeira caída en 2008 (205.562) e en xeral con pequenas oscilacións. O número de rapaces e rapazas

falantes iniciais doutras linguas incrementouse entre 2003 e 2013, sufriu un refluxo en 2018, para volver situarse en 2023 nunhas cifras semellantes ás de dez anos atrás: pouco máis de 10.000 persoas, que representaban algo menos do 5 % da poboación dese sector pero que supón case a metade da cifra dos falantes iniciais de galego.

Figura 15. Lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos. Evolución 2003-2023 (%).




Fonte: IGE 2003, 2013 e 2023.

Nas **figuras 15 e 16** ofrécese os datos en porcentaxes e en cifras absolutas (redondeadas), referidos á evolución da lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos desde 2003 a 2023.

Obsérvase un descenso constante do número de falantes habituais en galego (mesmo sumando monolingües e bilingües predominantemente galegofalantes) e un correlativo incremento de falantes do castelán, especialmente dos monolingües. De 2003 a 2023 a cifra de falantes iniciais do galego reduciuse en case dous terzos, ata seren só 34.600. Entrementes, o número de monolingües en castelán incrementouse entre 2003 e 2013 en 25.000 individuos e, na década seguinte, case 17.000, ata un total de 42.000 individuos, aos que se poden sumar os case 10.000 bilingües de dominancia

castelán. Téñase en conta que, como se acaba de sinalar, en conxunto a poboación desa idade residente en Galicia mantívose con pequenas oscilacións (216.080 en 2003, 218.286 vinte anos despois). Sobre esas cifras, o galego presenta case 54.000 falantes habituais menos, e o castelán 51.500 falantes máis.


Figura 16. Lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos. 2003-2023 (frecuencias).



Fonte: IGE 2003, 2013, 2023.

A **figura 17** presenta os datos da lingua falada habitualmente pola poboación de 5 a 14 anos con diversos interlocutores, dentro da familia e fóra dela. Nela obsérvase que o uso máis frecuente do galego se dá no interior da familia, especialmente cos avós e, en menor medida, co pai (22,45 %) e coa nai (19,16%). Pola contra, o menor uso do galego dáse cos irmáns (15,97%), coas amigas (14,86%) e cos compañeiros de clase (14,80%). Deste xeito, a presión da lingua entre pares queda en evidencia.


Figura 17. Lingua habitual e usos lingüísticos (*galego + máis galego / castelán + máis castelán*) da poboación de 5 a 14 anos. 2023 (%).



Fonte: IGE 2003, 2013 e 2023.

Na **figura 18** resúmese a información das anteriores, presentando en porcentaxes a evolución entre 2003 e 2023 dos datos referentes á lingua inicial e habitual da poboación de 5 a 14 anos.² A tendencia ao declive do galego é manifesta.

Figura 18. Lingua inicial e lingua habitual *galego* da poboación de 5 a 14 anos. 2003-2023 (%).



Fonte: IGE 2003, 2008, 2013, 2018 e 2023.

2 Para este sector da poboación non temos datos anteriores.


7. Mantemento e cambio de lingua

Nas situacións de contacto entre dúas linguas, díse que hai mantemento cando un individuo retén a súa lingua de herdanza nas súas prácticas lingüísticas habituais; pola contra, o cambio de lingua implica a incorporación da lingua de contacto ás prácticas lingüísticas habituais en maior ou menor grao, ata o caso extremo de abandono total da lingua de herdanza. Os fenómenos de mantemento e cambio poden observarse ben nos individuos (muda lingüística) ou ben no proceso de transmisión interxeracional, isto é, na transferencia (total ou parcial) ou non transferencia da lingua herdada á súa descendencia (substitución / mantemento lingüístico).

Os cambios de lingua ou mudas ao longo da vida das persoas poden deberse a múltiples motivos. Entre outros, os máis relevantes adoitan ser os cambios de residencia, de centro educativo, de emprego, de profesión, de status social ou calquera outro que implique unha reestruturación das redes de relación, e particularmente, que supoña a integración en novos ámbitos de socialización que favorezan ou desfavorezan o uso dunha ou outra lingua (Pujolar, González e Martínez 2010). A ruptura da transmisión interxeracional da lingua pode estar relacionada cos cambios de idioma dos individuos, mais tamén pode deberse á percepción da menor utilidade da lingua minorizada para a promoción social ou a prexuízos de diversa índole.


A información que recollen as enquisas do IGE permite aproximarse a ambos os fenómenos. Canto aos cambios individuais, o cruzamento entre a lingua inicial (en que se aprendeu a falar) e a lingua habitual ofrece un indicio moi significativo. Esta operación pode facerse tamén no Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1992, atendendo sempre ás diferentes características da mostra, pois neste soamente se abrangue a poboación de 16 ou máis anos. Tendo isto en conta, paga a pena contrastar os resultados dese cruzamento ao longo do tempo, a partir dos datos do MSG 92, do IGE 2003 e do IGE 2023 (figuras 19, 20 e 21).

Figura 19. Lingua habitual segundo a lingua inicial. 1992 (%).




Fonte: MSG 92.

Figura 20. Lingua habitual segundo a lingua inicial. 2003 (%).



Fonte: IGE 2003.

Figura 21. Lingua habitual segundo a lingua inicial. 2023 (%).



Fonte: IGE 2023.


O que manifestan os datos de MSG 1992, representados na **figura 19**, é que, daquela, as persoas que tiñan o castelán como lingua inicial presentaban unhas prácticas máis monolingües na mesma (76%) ca as persoas con lingua inicial galego (63%). Non obstante, existía unha maior tendencia cara ao cambio en favor do galego das persoas castelanfalantes iniciais (17%, se sumamos o bilingüismo de predominancia galego e o monolingüismo en galego), do que a favor do castelán entre as persoas galegofalantes iniciais (5%, bilingües de predominio castelán).

Segundo os resultados do IGE 2003, como se comproba na **figura 20**, nesa altura eran os galegofalantes iniciais os máis tendentes cara ao monolingüismo na súa propia lingua (73%, fronte a 54% dos castelanfalantes iniciais). O cambio dos castelanfalantes cara ao galego como lingua habitual seguía sendo relativamente máis frecuente (en termos porcentuais) ca o proceso inverso, ben que con tendencia a diminuír, en comparación co que acontecía en 1992 (do 17% ao 13%).

Conforme se verifica na **figura 21**, en 2023 as tornas viraron claramente contra o galego: agora son novamente os castelanfalantes iniciais os máis proclives a manterse como monolingües (67%), mentres que os galegofalantes iniciais tenden de forma

importante cara ao bilingüismo (33%), e o cambio destes cara ao castelán presenta cifras superiores á corrente inversa, por primeira vez desde que se recollen datos (8% a favor do castelán fronte a 5% a favor do galego).

Figura 22. Lingua habitual segundo a lingua recibida dos proxenitores. 2003 (%).




Fonte: IGE 2003.

As figuras 22 e 23 permiten matizar os datos que acabamos de analizar. Nelas faise o cruzamento da lingua habitual dos individuos coa lingua recibida dos proxenitores, isto é, a falada polos pais e nais dos individuos con estes.

Nas figuras é significativo constatar como as prácticas bilingües acaban favorecendo o castelán, mesmo no caso de se tratar dun bilingüismo con predominio do galego, e esta é unha tendencia que se acentuou fortemente nos vinte anos que van desde 2003 a 2023. Se en 2003 o 48% dos individuos aos que seus pais lles falaron as dúas linguas con predominio do galego acabaron falando castelán, en 2023 a porcentaxe dos que acaban sendo castelanfalantes é maior ca a dos que manteñen o galego (53%).

Os datos son aínda máis elocuentes cando nas prácticas bilingües dos proxenitores predomina o castelán: en 2003 só o 15 % dos individuos que aprenderon a falar neste ambiente acabaron sendo galegofalantes; en 2023 a porcentaxe reduciuse ao 8 %. A consideración destes datos condúcenos a outro asunto importante: a transmisión lingüística no seo das familias, que é o tema do seguinte apartado.

Figura 23. Lingua habitual segundo a lingua recibida dos proxenitores. 2023 (%).



Fonte: IGE 2023.

8. A transmisión lingüística interxeracional


A transmisión interxeracional é o proceso polo cal unha lingua se transmite dos proxenitores aos seus fillos mediante o seu uso nas interaccións dentro da familia. É dicir, consiste na transferencia da herdanza lingüística da familia aos descendentes. Este é un indicador fundamental para estudar a vitalidade das linguas minorizadas e ten un grande impacto no seu presente e no seu futuro. A familia é unha institución primordial no mantemento dunha lingua, de maneira que as linguas socialmente minoritarias son viables na medida en que a súa aprendizaxe nos primeiros anos da vida, cando se desenvolve a capacidade da linguaxe, está garantida polos procesos de transmisión interxeracional.

A evolución sociolingüística do galego é un caso paradigmático da importancia da familia para o mantemento dunha lingua, dado que a vitalidade demográfica con que chegou o galego ao século XXI débese, en gran medida, ao seu uso por parte das familias. Porén, as investigacións sociolingüísticas de finais do século XX xa sinalaban os problemas que estaba a rexistrar o uso do galego no contexto familiar, especialmente no hábitat urbano. Os sucesivos cambios sociais que sufriu a sociedade galega durante a segunda metade do século XX foron modificando os patróns de transmisión lingüística do galego nas familias. Factores como a masiva emigración da poboación rural galegofalante, o incremento da urbanización e a industrialización, o acceso á educación e a extensión dos medios de comunicación audiovisuais, entre outros, fixeron que moitas familias incorporasen o castelán ao repertorio comunicativo tanto formal coma informal, incluíndoo tamén na transmisión familiar. Pola contra, tamén houbo segmentos castelanizados da burguesía urbana cultivada que recuperaron o uso do galego e que o utilizaron como forma de reivindicación étnica e política.

Na actualidade considéranse varias fórmulas para estudar a transmisión lingüística, isto é, varios índices de transmisión lingüística (ITI en diante). Un dos recursos máis utilizados é a análise da evolución da lingua inicial. Para a construción do índice de transmisión lingüística (ITI) que se manexa neste informe, tomouse como referencia unha versión adaptada do traballo de Torres (2009), amplamente utilizado no ámbito catalán. Nesta versión adaptada selecciónanse para a mostra soamente as persoas con

fillos, e relaciónase a lingua que lles falaban os proxenitores aos informantes cando eran nenos coa lingua que os informantes lles falan aos seus descendentes.


Figura 24. Lingua recibida dos avós e dos proxenitores e transmitida aos fillos. Mostra restrinxida a persoas con descendentes (IGE 2023). A porcentaxe contabilízase agrupando as alternativas *só galego* e *máis galego*.



Fonte: IGE 2003.

A **figura 24** expresa a variación das porcentaxes de uso do galego da xeración de avós á xeración dos netos, e da dos pais á dos fillos, na submostra de entrevistados que responden a estas preguntas. Segundo estes resultados, unha parte dos galegos aos que os seus avós e os seus proxenitores lles falaban ou falan en galego non empregaron ou empregan esa lingua con seus fillos/as.


Figura 25. Lingua de transmisión aos fillos/as. Datos xerais para a mostra de persoas con fillos (%).



Fonte: IGE 2023.

Os datos da **figura 25** están extraídos do IGE 2023 mediante unha selección da súa mostra caracterizada por persoas con fillos. Expresa a lingua que os pais falan/falaron cos fillos. Os resultados indican que a maior parte da poboación (81,8%) lles transmite aos seus fillos a lingua que recibiron dos seus proxenitores (sexa galego ou castelán), e só unha pequena porcentaxe cambia de lingua; ben do galego para o castelán (desgaleguización), ben do castelán para o galego (galeguización). Porén, hai unha porcentaxe importante de persoas que rompen a cadea de transmisión interxeracional do galego (desgaleguización: 16,3%, fronte a un 2% de galeguización).

Figura 26. Transmisión interxeracional do galego e do castelán.




Fonte: IGE 2023.

Na **figura 26** pode observarse que os procesos de mantemento son moito maiores no idioma castelán (94,3 %) ca no galego (75,1 %). O proceso de desgaleguización acadada cifras moi considerables, que representan un cuarto da poboación que recibiu o galego na familia (24,9 %). Pola contra, a galeguización só atinxe un 5,7 % do sector da poboación que recibiu o castelán.

A **figura 27** representa a evolución por idade do índice de transmisión interxeracional do galego con datos de 2023. Construímos un indicador relacionando as cifras de galeguización (REG) e de desgaleguización (DESG). Como se pode ver, o resultado é negativo para o galego en todos os casos. O índice de desgaleguización máis alto rexístrase nos grupo entre os 40 e os 64 anos. Na cohorte dos 30 aos 39 anos obsérvase unha tendencia ao maior mantemento do galego. Isto é, o proceso de desgaleguización vai recuando nesta cohorte, pois pasa de arredor do -15 % nos maiores de 39 anos a arredor de -12 % no grupo de 30 a 39 anos.


Figura 27. Mantemento e índice de transmisión interxeracional do galego (ITIGal) segundo a idade. (%)



Fonte: IGE 2023.

A **figura 28** representa a evolución dos datos do ITIGal no período 1992 a 2023 conforme os datos do MSG 92 e do Instituto Galego de Estatística. Como se pode comprobar, os procesos de desgaleguización levan presentes desde que hai recollas de datos de carácter cuantitativo. Os resultados do MSG 92 sinalaban unhas cifras de desgaleguización significativamente altas (ITIGal = 17 %); no século actual os datos reguláronse lixeiramente pero continúan a ser moi altos e manteñen unha tendencia constante nunha cifra próxima ao -14 %. A cifra negativa indica que en cada xeración existe unha diminución da transmisión do galego con respecto á anterior.


Figura 28. Evolución do índice de transmisión interxeracional do galego (ITIGal).
1992-2023 (%).



Fonte.: MSG 92; IGE 2003, 2013 e 2023.

9. Nivel de estudos

Figura 29. Lingua habitual por nivel de estudos. 2023 (x 1.000).




Fonte: IGE-2023.

O módulo de coñecemento e uso do galego do IGE ofrece información sobre dous parámetros sociais asociados á distribución desigual das linguas: o nivel de estudos e o hábitat / territorio. Canto aos estudos, este indicador é especialmente relevante no contexto dunha economía de servizos, onde a formación é valorada e as titulacións son imprescindibles para moitos postos de traballo, en particular os máis cualificados.

Como se pode ver na **figura 29**, dous terzos de falantes habituais de galego en 2023 tiñan soamente estudos básicos e menos do 20 % estudos superiores, mentres que nos falantes de castelán o perfil maioritario (43 %) é o que ten estudos superiores. Obviamente, esta variable correlaciona negativamente coa idade (a maior idade, menor nivel de estudos), mais aínda así, segue a ser indicativo do menor status social dos galegofalantes.

10. Hábitat e distribución no territorio


Figura 30. Hábitat segundo a lingua habitual. 2023 (frecuencias x 1.000).



Fonte: IGE 2023.

A figura 30 mostra que case a metade dos falantes habituais de galego (46 %) viven en municipios de menos de 10.000 habitantes, mentres que menos dun terzo (31 %) faino en municipios de máis de 20.000 habitantes. Por outra banda, os castelanfalantes habituais están aínda máis concentrados nos municipios de máis de 50.000 habitantes, onde residen a maioría deles (52 %). Se o galego está asociado ao hábitat rural, o castelán está aínda máis fortemente asociado ao hábitat urbano. En todo caso, verificácese unha forte polarización sociolingüística ao longo do eixe rural-urbano.

Figura 31. Lingua habitual por tamaño do hábitat. 2023 (frecuencias x 1.000).




Fonte: IGE 2023.

Tal como se pode ver na **figura 31**, as cifras de falantes habituais dunha ou doutra lingua segundo o hábitat confirman o que se acaba de sinalar. Nela compróbase que os catro perfís de falantes máis abundantes en Galicia son, por esta orde: castelanfalantes monolingües urbanos (16% do conxunto), galegofalantes monolingües rurais (13%), bilingües de dominancia castelá urbanos (12%) e bilingües de dominancia galega rurais (8%). Isto significa que nos municipios de máis de 50.000 habitantes a substitución lingüística está moi avanzada e o predominio do castelán é esmagador (77%), mentres que o galego se mantén aínda relativamente forte nos de menos de 10.000 habitantes (75%). Soamente nos municipios de 10.000 a 50.000 habitantes se dá unha situación propiamente bilingüe, con certo predominio do galego nos municipios de 10.000 a 20.000 e certo predominio do castelán nos de 20.000 a 50.000 habitantes. Así e todo, comparando os datos de 2023 cos de 2003 (**figura 32**), verifícase que o galego recuou en todos os hábitats, e de xeito especialmente notable no último tipo citado

(20.000 a 50.000 habitantes). Isto é especialmente importante, dado que foi o que máis incrementou a súa poboación nese período.

Figura 32. Lingua habitual por tamaño do hábitat. 2003 (frecuencias x 1.000).



Fonte: IGE 2003.


O mapa 1 mostra as porcentaxes da poboación que ten como lingua habitual o galego (sumando *só galego* e *máis galego*) por grandes áreas definidas polo Instituto Galego de Estatística.

- › As áreas con maior mantemento do galego (porcentaxes por riba do 70 %) son a Costa da Morte, Barbanza-Noia e A Coruña suroriental (na provincia da Coruña), oriental de Lugo, sur de Ourense e Pontevedra nororiental.
- › Cun moderado mantemento do galego (porcentaxes entre o 50 % e o 70 %) atópanse Santiago, as provincias de Lugo e Ourense e Caldas-O Salnés.

- › Cun proceso de substitución lingüística avanzado atópanse Pontevedra sur e O Morrazo (entre o 40 % e 50 % aproximadamente).
- › Co proceso de substitución lingüística moi avanzado (porcentaxes por baixo do 33 %) están Ferrol-Eume-Ortega e A Coruña (capital), Ourense (capital), Vigo e Pontevedra.


No plano territorial, obsérvase como as áreas con maior mantemento do galego van quedando máis periféricas e menos compactadas, tanto pola escasa articulación entre elas (en termos de redes e nodos de comunicación) coma pola progresiva descontinuidade dos territorios.

Mapa 1. Porcentaxe de falantes habituais de galego por áreas (*galego e máis galego*).



Fonte: IGE 2023.


Figura 33. Lingua habitual galego (*só galego + máis galego*) por provincias e total de Galicia, na poboación de 5 ou máis anos e cohorte de 5 a 14 anos. (% de cada provincia / de Galicia).



Fonte: IGE 2023.

Coa información que fornece o IGE non é posible realizar de xeito inmediato unha análise polo miúdo en cada unha destas zonas. Non obstante, cabe recuperar información por provincias. Nas **figuras 33 e 34** ofrécense os datos sobre lingua habitual galego (sumando *só galego e máis galego*) por provincias (en porcentaxes e en número de frecuencias) para o conxunto da poboación maior de 5 anos e para o segmento de 5 a 14 anos respectivamente, en porcentaxes (figura 33) e número de individuos (figura 34). Canto a este, nótese que, para o conxunto da poboación, o número de frecuencias debe multiplicarse por mil, mentres que a do segmento de 5 a 14 anos debe multiplicarse por cen. As figuras evidencian que as porcentaxes maiores de falantes habituais de galego corresponden ás provincias de Ourense (67%) e Lugo (66%), e a menor corresponde á provincia de Pontevedra (37%), coa Coruña (44%) nunha media similar á do conxunto de Galicia (46%). Á vez, esta última provincia é a que alberga o maior número de falantes habituais de galego (case medio millón).


Figura 34. Lingua habitual galego (*só galego + máis galego*) por provincias:
poboación de 5 ou máis anos e cohorte de 5 a 14 anos.
Frecuencias: x 1.000 no total e % na cohorte de 5 a 14 anos.



Fonte: IGE 2023.


Poñendo o foco no grupo de idade máis novo (5 a 14 anos), chama a atención a diferenza que se verifica na provincia de Ourense entre a porcentaxe global da poboación (67%) e a correspondente á rapazada de 5 a 14 anos (17%), o que é un índice incontestable do avance moi veloz do proceso de substitución lingüística nese territorio. Segundo datos do IGE, en 2023 había soamente por volta de 3.400 falantes de galego desta idade na provincia de Ourense, 7.400 na de Lugo (que, non obstante, é a que mellor mantén o galego: o 33% da rapazada desa idade é galegofalante), 9.300 na de Pontevedra (o que significa pouco máis do 10% da poboación desa idade da provincia) e 14.000 na da Coruña.

Mapas 2 e 3. Porcentaxe de poboación maior 65 anos (esquerda)
e menor de 18 anos (dereita) por municipio. 2022.



Fonte: INE.

Mapa 4. Evolución do número de habitantes dos municipios galegos. 1998-2017.



Fonte: <https://www.gciencia.com/fotonautas/graficos-avellentamento-galicia/>,
con datos do IGE.

Outra variable relevante á hora de analizar a distribución territorial das linguas é a demografía. Canto a isto, cómpre salientar o seguinte:

- › As áreas con máis mantemento do galego que establece o IGE están na súa maioría conformadas por municipios coas porcentaxes de poboación de 65 anos en diante máis elevadas de Galicia, superiores ao 30 %.

Na provincia da Coruña, a maior parte dos municipios desas áreas teñen entre un 30 % e o 40 % de poboación de 65 ou máis anos.

Entre estas áreas, na do sur de Ourense e na do oriente de Lugo son maioría os municipios cunha porcentaxe entre o 40 e o 80 % de poboación de 65 ou máis anos.

Pola contra, nesas áreas destacan en positivo, coa poboación menos avellentada, unicamente catro concellos: Carballo (24 %), Ordes (25 %), Boiro (23 %) e Ribeira (24 %). Nunha situación lixeiramente menos favorable están municipios como Cee, Fisterra, Corcubión, Negreira, Noia, Lousame, Rianxo e O Porto do Son.


- › Das áreas cun mantemento moderado, teñen unha poboación menos avellentada Santiago de Compostela e os concellos da súa contorna (Ames, Brión, Teo e Oroso), e os municipios de Lugo (capital) e Burela.
- › As áreas máis castelanizadas adoitan ter unha porcentaxe superior de residentes menores de 18 anos.

Canto aos índices de nivel socioeconómico, tomamos como referencia os datos da renda media por persoa. O nivel de renda correlaciona negativamente co grao de mantemento do galego e positivamente co grao de castelanización.

- › Os municipios que forman parte das áreas con máis mantemento do galego presentan niveis de renda inferiores á media (menos de 12.800 €) con poucas excepcións, tales como Mazaricos ou Corcubión na provincia da Coruña, ou os municipios da Mariña de Lugo, desde O Vicedo a Ribadeo.
- › Entre os que teñen un nivel de renda medio ou superior (13.800 € ou máis) e un nivel medio ou medio-alto de mantemento do galego salientan algúns da Mariña de Lugo (Xove, Cervo e Foz), Lugo capital e a súa contorna (Outeiro de Rei, O Corgo e Portomarín), Santiago de Compostela e a súa contorna (Ames, Teo), e, dentro da provincia de Ourense, Toén e Muíños.

- Os municipios que teñen unha renda máis alta son os que están máis castelanizados, como poñen de vulto os datos referentes ao arco ártabro (nomeadamente Oleiros, A Coruña, As Pontes de García Rodríguez, Bergondo e Cabanas) e ao eixe Pontevedra-Vigo (onde destacan Nigrán, Vigo, Pontevedra e Baiona).

Mapa 5. Renda media por persoa. Distribución por municipios. 2022.




Fonte: INE 2022.

En definitiva, cando se observa a distribución dos datos sobre uso do galego, salta á vista a existencia dunha clara correlación entre o seu maior mantemento, o elevado avellentamento da poboación, a escasa poboación ou mesmo o despoboamento e o nivel de renda máis baixo, e, contrariamente, o maior grao de castelanización, o menor avellentamento da poboación, a concentración demográfica e un maior nivel de renda. Constitúen excepcións relativas ou parciais Santiago de Compostela e a súa contorna (cun grao medio de mantemento do galego), a área do Barbanza (mantemento medio-alto), a cidade de Lugo e a súa contorna e a Mariña luguesa (mantemento medio-alto).

11. O factor demográfico

Para explicar a evolución sociolingüística de Galicia cómpre ter en conta a evolución da demografía, concretamente de dúas variables que poden ser relevantes: a evolución vexetativa da poboación e os movementos migratorios. Non é este o lugar para unha análise pormenorizada dos efectos sociolingüísticos da transformación destas dúas variables, non obstante, parece pertinente deixar constancia dalgunha observación.

Figura 35. Lingua habitual (L1) por grupos de idade (*en galego sempre + máis galego ca castelán* / *en castelán sempre + máis castelán ca galego*). 2023.



Fonte: IGE 2023. *Enquisa estrutural a fogares*. Módulo de coñecemento e uso do galego. Poboación galega de 5 ou máis anos.

Canto á evolución vexetativa da poboación, é ben sabido que Galicia ten unha das poboacións máis avellentadas do continente e unha das taxas de natalidade máis baixas de Europa.¹ Nese contexto, como se constata en numerosos estudos sociolingüísticos (incluídos os realizados pola propia RAG) e se mostra na figura 6, existe unha relación directa entre a proporción de galegofalantes e a idade: a maior idade, maior número de galegofalantes. Ora, os grupos de poboación máis vella son tamén os que máis falecementos rexistran. Noutras palabras, cada ano que pasa, ao galego ‘mórrenlle’ moitos máis falantes dos que lle ‘nacen’.

Concretamente, segundo os nosos cálculos, entre 2003 e 2023 faleceron arredor de 440.000 falantes habituais de galego e ‘naceron’ só uns 90.000 (sumando nos dous casos *só galego e máis galego*).² Por tanto, a evolución vexetativa dá conta da diminución de case 350.000 falantes. Os aproximadamente 50.000 que nos faltan para explicar a perda do total de 400.000 poden saír das cifras da emigración galega cara ao exterior ou de persoas que pasaron de falar *só galego* ou *máis galego* a falar *só castelán* ou *máis castelán*, que, como se bota de ver, foron escasas.

Canto á inmigración, se se pon o foco nos inmigrantes menores de 16 anos (sumando os españois foráneos e os estranxeiros) compróbase que a cifra máis elevada de incremento de inmigrantes desas idades corresponde ao período 2003-2007 (30.882), bastante superior á do período máis recente, 2018-2022 (25.465). De feito, no conxunto do período 2003-2012, os inmigrantes menores de 16 anos suman 58.906, cifra considerablemente máis alta ca a rexistrada no período 2013-2022, en que ascenderon a 48.237. Para darse unha idea do peso relativamente baixo desas cifras, a poboación menor de 15 anos residente en Galicia atinxía os 327.529 individuos, e en 2023 ascendía a 301.888. Isto é, a proporción de rapaces e rapazas nados fóra de Galicia non se incrementou dramaticamente nos vinte últimos anos. Os problemas

1 Véxase, entre as numerosas publicacións ao respecto, *Galicia, unha poboación avellentada* (Hernández 2013) e tamén: <https://www.gciencia.com/fotonautas/graficos-avellentamento-galicia/>.

2 A base destes cálculos é a seguinte: segundo datos do INE, entre 2003 e 2023 faleceron 617.734 residentes en Galicia, dos cales 535.000 tiñan 65 ou máis anos. A media de falantes de galego dese grupo de idade no período é de aproximadamente o 75 %, isto é, algo máis de 400.000. A estes habería que engadir aproximadamente a metade dos 82.699 falecidos de menos de 65 anos, isto é, por volta das 40.000 persoas. Os nacementos no mesmo período suman 388.780 persoas. Os falantes habituais de galego de 5 a 14 anos (por tanto, nados entre 2003 e 2013) na enquisa do IGE 2015 suman 57.121. Calculando nun 17 % a porcentaxe de galegofalantes entre os nados entre 2013 e 2023, obtemos arredor de 88.000 galegofalantes entre as persoas nadas de 2003 a 2023.

para a súa integración lingüística en galego proceden máis da súa concentración en territorios concretos (por sinal, determinados barrios urbanos ou periurbanos), das condicións sociolingüísticas ambientais deses lugares e das políticas lingüísticas xerais (en concreto, de ausencia dunha liña específica para ese sector) ca do seu número.

Finalmente, é obvio que nin a emigración nin a evolución vexetativa da poboación abundan para explicar a dramática redución da cifra de falantes de 5 a 14 anos ou o incremento exponencial das prácticas monolingües en castelán en todos os grupos de idade, que atinxe o 43% na cohorte de 15 e 29 anos e o 54% na rapazada de 5 a 14 anos. O mesmo se pode aplicar á incapacidade para falar galego, que pasou do 18% ao 32% no grupo de idade máis novo (5 a 14 anos), ou á incompetencia para escribilo, que ascendeu do 21% ata o 38% nese mesmo grupo. Estas últimas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do Decreto do plurilingüismo de 2010 e, en xeral, do abandono das políticas de protección do galego (incluíndo os discursos sociais que as acompañaron): o incremento do monolingüismo en castelán e a diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso.

12. O sistema educativo

Tense afirmado reiteradamente, con argumentos de peso, que a responsabilidade da normalización do galego tendeu a cargarse de xeito desproporcionado —de feito, case exclusivo— no sistema educativo. Con todo, non é menos certo que en calquera política lingüística o sistema educativo ten que ter un protagonismo central. En todo caso, xa que en Galicia se lle outorgou unha responsabilidade extraordinaria ao ensino na política lingüística, é imprescindible avaliar o seu papel.

Investigacións recentes do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega botan luz sobre este ámbito. O *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* (Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021) é un censo sociolingüístico que, mediante 4 000 enquisas, permitiu obter unha imaxe moi detallada da poboación escolar e das súas familias nese concello, un dos municipios galegos con maior dinamismo demográfico, de feito, o único de Galicia que o ano pasado rexistrou máis nacementos que defuncións.

Esta investigación revelou unha clara correlación entre o proceso de desgaleguización do alumnado e o seu tránsito polas sucesivas etapas educativas. A dinámica desgaleguizadora comeza xa na incorporación á escola infantil e acelérase durante os primeiros anos da escolarización. Os datos obtidos foron concluíntes: ao redor da metade das familias do municipio declararon falar principalmente galego; non obstante, rexistrouse unha redución da presenza da lingua do 11% entre o alumnado da educación infantil, mentres que o paso pola primaria supuña un novo retroceso dun 16%, ao que se sumaba, durante a secundaria, outro 3%. Finalmente, á saída da educación obrigatoria só un de cada dez menores amesáns se declaraba galegofalante, e sete de cada dez eran monolingües en castelán.

Por tanto, boa parte do retroceso do galego está a producirse durante o proceso de adquisición da lingua e non se debe unicamente á ruptura da cadea da transmisión interxeracional. Nenos e nenas que polas súas condicións familiares serían galegofalantes noutro contexto, nos núcleos urbanos e periurbanos son empurrados durante a súa etapa escolar cara ao monolingüismo en castelán. Así se comproba tamén no estudo *Prácticas lingüísticas na infancia* (Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío

e Nandi 2021), onde se rexistran as dificultades que atopan as familias que tentan transmitirles activamente o galego aos seus descendentes, dificultades que xa se puxeron de vulto noutros traballos. A pesar do seu empeño, estas nais e pais expresan a frustración de ver como os seus esforzos esmorecen na etapa de escolarización, fronte a presión do contexto e a falta de apoio institucional: chega un momento en que os nenos e nenas galegofalantes non queren sentirse raros ou, nos casos extremos, están fartos de ser obxecto de segregación solapada e mesmo de burlas. A castelanzación destes rapaces non ten nada que ver coa liberdade de lingua, e si coa presión ambiental para o abandono do galego.

Estoutro proxecto estendeu a investigación a máis espazos de socialización infantil relevantes, alén da escola e da familia: os servizos de conciliación e as actividades extraescolares. A conclusión principal é que a carencia dunha política lingüística pública nese ámbito supón a aplicación dunha política *de facto* de acomodación á lingua da maioría. Nos contextos urbanos isto tradúcese as máis das veces nunha imposición do castelán como lingua por defecto, unha invisibilización das nenas e nenos galegofalantes e unha redución das oportunidades de uso do galego para o conxunto dos escolares.

En contraste, o traballo puxo de vulto a importancia e as capacidades —coa vontade e os recursos axeitados— de distintos axentes para desenvolveren accións significativas para mellorar a situación do galego. Pódense atopar no libro exemplos de familias, escolas, empresas e asociacións, mais destaca a relevancia das políticas municipais. Estas potencialidades puidéronse comprobar tamén sobre o terreo no proxecto de investigación-acción *Modo galego, actívao!*, que o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega vén desenvolvendo man a man co departamento de normalización lingüística do Concello de Ames e os equipos de dinamización dos seus centros educativos.

Para rematar, referirémonos ao traballo *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO* (Loredo e Silva 2020). O decreto educativo vixente pregoa unha harmonía lingüística baseada na libre escolla individual. Esta debería ser garantida por unha adquisición parella de competencias en ambas as dúas linguas cooficiais, da que se fai responsable á escola. Emporiso, este estudo concluíu que só o alumnado habitualmente galegofalante acadara a paridade de competencias, do mesmo xeito que é o único realmente bilingüe. Con todo, no mellor dos casos, só mantén a súa lingua nos contextos en que o galego ten unha forte presenza social (hoxe por hoxe marxinais). Volvendo a ese 54% de menores castelanzantes monolingües, o feito é que boa parte da mocidade, en especial aquela dos contextos

urbanos e periurbanos, carece de oportunidades para a activación e o perfeccionamento das competencias, máis aló de contados e acoutados espazos formais dentro das escolas.

En definitiva, deses traballos tiramos dúas conclusións:

- (1) A desgaleguización da rapazada non se debe tanto á ruptura da transmisión interxeracional canto á presión desgaleguizadora do ensino.
- (2) Porén, cómpre subliñar que a forza desta non depende tanto da lingua da docencia (sen negar a importancia desta) coma dos procesos de socialización que se desenvolven nos centros educativos. Isto é, da lingua de relación entre pares e da presión que os rapaces e rapazas galegofalantes senten para acomodarse a ela, para integrárense nas novas redes de relación que alí se tecen nunha idade en que teñen escasas defensas para resistir a pulsión por conformar a súa identidade persoal (na que a lingua xoga un papel importantísimo) conforme a modelos de prestixio.

Non temos lecer para referirnos coa atención debida á programación e ás prácticas didácticas de ensino/aprendizaxe do galego. Limitámonos a sinalar a necesidade de revisar as orientacións curriculares: non ten sentido continuar cunha programación curricular idéntica, cos mesmos obxectivos e as mesmas metodoloxías, para os aprendices galegofalantes e castelanfalantes, isto é, para estudantes que teñen un contacto regular co galego na súa vida diaria e aqueles que non teñen ocasión de oílo nin de practicalo. A falta dun estudo en profundidade, tense criticado unha práctica didáctica rixidamente centrada no ensino gramatical do galego, maiormente na escrita (incluso, dun xeito restritivo, na ortografía e na normativa). En todo caso, resulta frustrante comprobar os pobres resultados da introdución do ensino do galego e en galego no que se refire á incorporación desta lingua ás prácticas lingüísticas da mocidade.

13. Conclusións

A información que fornece o “Módulo de coñecemento e uso do galego” das enquisas do Instituto Galego de Estatística, analizada á luz doutros traballos sociolingüísticos —entre eles, os previos do propio IGE (2003, 2008, 2013 e 2018) e os da Real Academia Galega (desde os mapas de 1992 e 2004 ata os estudos máis recentes)—, permite extraer as seguintes conclusións, que se presentan como síntese deste informe:

- › Por primeira vez, **o galego perde a condición de lingua habitual da maior parte da poboación**. Nas dúas últimas décadas, o número de galegofalantes (monolingües ou bilingües) descendeu en 400.000 individuos, mentres que o de falantes de castelán se incrementou en 380.000 individuos. As porcentaxes da poboación repártense de xeito semellante entre os monolingües en galego e os bilingües que falan máis castelán ou galego, mentres **os monolingües en castelán son o grupo máis numeroso** (figuras 7 a 10).
- › **A situación na franxa de poboación máis nova é moito peor**: as respostas (fala) *sempre en galego* e *máis en galego ca en castelán* suman o 16%, o que supón aproximadamente 34.000 galegofalantes de 5 a 14 anos, fronte a uns 180.000 do castelán. **A caída nas dúas décadas que van desde 2003 a 2023 é descomunal** (figuras 14 a 18).
- › Canto á lingua inicial, o 34% da poboación aprendeu a falar en galego, o 33% en castelán e o 29% nas dúas linguas. Non obstante, **o monolingüismo inicial en castelán é a opción maioritaria nos menores de 50 anos**, e atinxe proporcións esmagadoras nos menores de 30 anos, especialmente na cohorte de 5 a 14 anos (figuras 3 a 6, 13 e 14).
- › Unha maioría ampla —pero decrecente— das persoas de 15 ou máis anos continúa declarándose capaz de falar galego. Porén, **só a metade da poboación considera esa competencia satisfactoria, e ademais esta porcentaxe vai a menos**, mentres que aumenta a das persoas que a consideran escasa ou nula.

A situación é peor na escrita, xa que a porcentaxe de persoas incompetentes se sitúa no 40 %, con tendencia a incrementarse (figuras 1 e 2).

- › Pola contra, **na poboación de 5 a 14 anos** a capacidade para falar e escribir galego é **moito máis baixa**. Nesta franxa de idade, a porcentaxe de respostas “sabe falar” *moito* caeu en picado desde 2003 a 2023. O contrario sucede coas respostas *pouco* ou *nada*, que subiron a tal punto que en 2023 superan a resposta anterior. **O descenso de competencia na escrita** é igualmente vertixinoso (figuras 11 e 12). Estes resultados concordan cos estudos de avaliación externa de competencias lingüísticas.
- › O incremento do número de castelanfalantes aliméntase, ata certo punto, dun aumento da inmigración. Con todo, esta non explica de ningún xeito **o retroceso do número de galegofalantes**, nunha cifra superior aos 50 000 individuos. E, mesmo así, cabe preguntarse por que o sistema educativo non garante a competencia en galego da rapazada inmigrante.
- › **A maioría dos individuos que aprenden a falar en castelán** manteñen a súa lingua e **tenden cara ás prácticas monolingües**, mentres que **os que aprenderon a falar en galego** manteñen menos a súa lingua e **tenden máis cara ás prácticas bilingües**. Ademais, **a maioría dos individuos que aprenderon a falar nas dúas linguas acaban priorizando o castelán como lingua habitual** (figura 20).
- › Seguindo coa análise do mantemento e cambio de lingua dos individuos, se se comparan os datos de 2023, que acabamos de resumir, cos de 1992 ou 2003, unha vez máis constátase unha **evolución cada vez máis desfavorable para o galego** desde 2003. Os castelanfalantes iniciais tenden cada vez menos cara á incorporación do galego ás súas prácticas lingüísticas, mentres que, ao contrario, os galegofalantes iniciais tenden máis cara á incorporación do castelán (figuras 19 a 21).
- › Con respecto á **transmisión interxeracional**, ben que o mantemento da lingua recibida é maioritario, o cambio de lingua resulta, novamente, **desfavorable ao galego**. Así, rexístrase un 16 % de desgaleguización (persoas que recibiron o galego dos seus proxenitores e non llelo transmiten aos seus descendentes), e só un 2 % de regaleguización (persoas que recibiron o castelán dos seus proxenitores e lle transmiten o galego á súa prole). Tamén se constata que as

prácticas bilingües de pais / nais cos fillos acaban favorecendo máis o uso por parte destes do castelán: se os pais falan máis en castelán, case todos os descendentes acaban sendo castelanfalantes habituais; se os pais falan máis en galego, en máis da metade das ocasións os fillos serán castelanfalantes (figuras 22 a 28).

- › Este último dato mostra que **o incremento do bilingüismo inicial**, que creceu exponencialmente desde 2003 a 2023, **acaba favorecendo máis o castelán ca o galego**, non só porque avanza a custa do galego, senón porque as persoas bilingües iniciais tenderán a dar preferencia ao castelán nas súas prácticas lingüísticas (figuras 4, 5, 13 e 14).
- › Tendo en conta as variables sociais que é dado manexar nos estudos existentes, **o perfil sociolóxico dos galegofalantes debuxa un grupo cada vez máis avellentado**, formado nunha boa parte de **persoas con estudos básicos** e que viven **en comarcas periféricas**, con **menor renda** ca a media e cada vez máis **despoboadas**; nomeadamente, A Costa da Morte, o interior da provincia da Coruña, o oriente da de Lugo e o sur da de Ourense (figuras 29 a 34 e mapas 1 a 5).
- › Salvo o trazo do progresivo avellentamento, este retrato non variou nas súas liñas fundamentais nos últimos cincuenta anos, ben que neste tempo xurdiu **un perfil minoritario de galegofalante máis urbano, con estudos medios ou superiores** e mozo ou adulto.
- › Cada vez máis, **a distribución do galego tende a territorializarse** e a reducirse a áreas marxinais e descontinuas entre si. En cidades como **Vigo, A Coruña, Pontevedra ou Ferrol, o galego está presente só marxinalmente**. En troques, **en Santiago de Compostela e Lugo** e as súas contornas periurbanas **ten unha presenza bastante sólida. Igual acontece con algunhas vilas**, como Ordes, Carballo e áreas densamente poboadas como o Barbanza ou a Mariña lucense (mapa 1).
- › En definitiva, os datos anteriores e mais os que se poden conferir no conxunto deste informe e noutra información dispoñible mostran que **o proceso de substitución do galego**, que sufriu unha desaceleración nas últimas décadas do século pasado, **gañou un novo impulso ao longo do presente século. O monolingüismo en castelán avanza velozmente**, acadando proporcións nunca vistas na franxa de poboación escolarizada, mentres que **son os**

galegofalantes os que máis practican o bilingüismo. Por tanto, este continúa sendo un **bilingüismo** en boa medida **diglósico e asimétrico**, por **unilateral** (dos galegofalantes máis ca dos castelanfalantes) e por **substitutivo** (isto é, de transición ao castelán).

- › Estudos realizados pola Real Academia Galega poñen en evidencia que nos ámbitos urbanos e periurbanos **a integración no sistema de ensino**, desde a incorporación inicial ao mesmo (escolas infantís) e ao longo dos sucesivos pasos polos diferentes niveis da educación primaria e a secundaria obrigatoria, **ten un efecto netamente castelanizador**. Non obstante, este efecto non se debe tan só á lingua formal da docencia, senón á **presión da lingua de iguais**.
- › Á vista disto, e tendo en conta os datos sobre a evolución da competencia en galego da franxa de poboación en idade escolar (especialmente, de 5 a 14 anos), é claro que **o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística**, que no seu artigo 14.3 establece:

As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nin sequera cumpre os obxectivos do decreto do plurilingüismo actualmente vixente, que no seu artigo 4º dispón:

Os principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes: 1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

- › Por tanto, existe unha disonancia patente entre os obxectivos da lei e as fórmulas aplicadas para lograrlos. **O cambio no modelo educativo é imprescindible** para conseguilos, **mais non é suficiente** para revertir a situación, senón que debe ir acompañado dun conxunto máis amplo de medidas, non só no ámbito do ensino regulado.

- › Nesta mesma dirección se ten pronunciado o Consello de Europa. Os sucesivos informes da institución alertaron do **incumprimento en Galicia dos compromisos recollidos na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias**. Nos dous máis recentes, o de 2019 e o de 2024, o organismo europeo sitúa o modelo lingüístico no sistema educativo como unha das principais pexas e fai un chamado claro a modificalo.
- › Finalmente, **o declive cada vez máis pronunciado do galego estase achegando perigosamente ao limiar do colapso**. A pesar de todo, tendo en conta a notable vitalidade do idioma e o sólido compromiso de sectores significativos da cidadanía galega, **esta tendencia é reversible**. Para tanto, cómpre poñer en marcha de forma urxente políticas eficaces, que conten co imprescindible impulso das institucións e co respaldo da maioría da sociedade.

14. Bibliografía

- Consello da Cultura Galega (2005). *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Consello da Cultura Galega, ed. (2011). *O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística; 1999 - 2008*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Gallega.
- Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto, coords. (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. Compendio do I volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto, coords. (1995). *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro e Rodríguez Neira, Modesto, coords. (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel *et alii* (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel *et alii* (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II: Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel *et alii* (2011). *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume III: Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Hernández Borge, Julio (2013). *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto Galego de Estatística (2003). Módulo de coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa de condicións de vida das familias*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

- Instituto Galego de Estatística (2008). Módulo de coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa de condicións de vida das familias*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Galego de Estatística (2013). Módulo de coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa estrutural a fogares*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Galego de Estatística (2018). Módulo de coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa estrutural a fogares*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Galego de Estatística (2023). Coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa estrutural a fogares*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- López-Sández, María; Loredó, Xaquín; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2023). *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Loredó, Xaquín e Silva, Bieito (2020) *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín e Vázquez, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez, Martín (2018). *Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992 - 2016*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Gómez, Lidia; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2021). *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Nandi, Anik (2021). *Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pujolar, Joan; González, Isaac; e Martínez, Roger (2010). Les mudes lingüístiques dels joves catalans. *Llengua i ús: revista tècnica de política lingüística*. 48, 65-75.
- Torres i Pla, Joaquim (2009). La transmissió lingüística familiar intergeneracional: una proposta de model d'anàlisi. En: F. Xavier Vila i Moreno, ed. *Estudis de demolingüística: Actes de la Primera Jornada de Demolingüística de la Xarxa CRUSCAT*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 23-32.

Índice

1. Introducción	7
2. Obxectivos	9
3. Competencia lingüística	13
4. Lingua inicial	17
5. Lingua habitual	21
6. A poboación máis nova	25
7. Mantemento e cambio de lingua	33
8. A transmisión lingüística interxeracional	39
9. Nivel de estudos	45
10. Hábitat e distribución no territorio	47
11. O factor demográfico	57
12. O sistema educativo	61
13. Conclusións	65
14. Bibliografía	71

Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

Este informe analiza a vitalidade do idioma galego a partir dos datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística en 2023. Achéganse aquí as cifras máis relevantes e discútense os aspectos máis salientables. Ofrécese como un instrumento necesario para o diagnóstico da situación social do galego e a avaliación das políticas lingüísticas das últimas décadas.

A panorámica presentada apunta á necesidade de poñer en marcha, de forma urxente, políticas eficaces que revertan a situación de devalo do idioma de noso.



REAL ACADEMIA GALEGA



**Deputación
DA CORUÑA**